

LIBROS VIVINTES



FAME

SUMA
ÁGORA

A Organización Mundial da Saúde (OMS) explicou nun comunicado, que os síntomas que amosaban algúns feridos no suposto ataque químico son o resultado do efecto dun axente nervioso. "A probabilidade de exposición a un ataque químico vese amplificada pola aparente falta de feridas externas rexistradas nos casos similares, incluídos problemas respiratorios agudos como causa principal de "morte", di a nota, informa Efe.

Son sirio, nacín no noroeste do país, no chamado berce do mundo, en Mesopotamia.

Vivía nun pobo moi pequeno como un oasis dentro das montañas do deserto, nun entorno cheo de natureza, de sinceridade, de luces e sombras, de xente humilde e aire limpo.

BIBLIOTECAS
MUNICIPALES

Son sirio, nacín no noroeste do país, no chamado berce do mundo, en Mesopotamia.

Vivía nun pobo moi pequeno como un oasis dentro das montañas do deserto, nun entorno cheo de natureza, de sinceridade, de luces e sombras, de xente humilde e aire limpo.

A palabra valor é magnífica para min, porque só cando tomamos conciencia do significado desa palabra podemos avanzar, por iso a nosa vida depende do valor, canto máis valoramos, máis respectamos. Todo o que nos rodea ten valor e, precisamos dialogar como humanos para dun ou doutro xeito valorar o que somos. **Temos moita fame de diálogo.**

INTERNACIONAL

GUERRA EN SIRIA

O Secretario xeral da ONU cualifica de “crime de guerra” o suposto ataque químico a Siria

Rusia atribúe a masacre ao bombardeo dun almacén de armas tóxicas dos rebeldes

AXENCIAS

Madrid – 5 ABRIL 2017

Rusia ven de asegurar este mércores que foron avións do réxime de Bachar el Asad os que bombardearon a localidade de Jan Sheijun- na provincia de Idlib e baixo control rebelde-, nos que morreron alomenos 72 persoas, entre eles unha vintena de nenos, a consecuencia supostamente da exposición a axentes químicos. Este extremo non puido ser confirmado por fontes independentes. Reino Unido, Francia e Estados Unidos condenaron o bombardeo, así como a OTAN e a ONU, que a través do seu secretario xeral, o portugués António Guterres, cualificou o ataque de “crime de guerra”. A Organización Mundial da Saúde (OMS) manifestou que os síntomas coinciden cos dun ataque con axentes químicos.

Segundo a versión exposta por Moscú a través do portavoz do Ministerio de Defensa ruso, Igor Konashenkov, non houbo ataque químico senón que os gases letais procedían dun almacén onde os terroristas [rebeldes] gardaban proxectís cargados con axentes tóxicos e que foi alcanzado polos bombardeos do réxime. A portavoz do ministerio de Relacións Exteriores ruso dixo que o proxecto de resolución da ONU é inaceptable. “O seu defecto é anticipar os resultados da investigación e sinalar aos culpábeis”, engade María Zarajova.

O Observatorio Sirio de Dereitos Humanos asegura, sen embargo, que o ataque químico foi lanzado desde o aire. “Cremos que a cifra de falecidos vai seguir aumentando porque hai moitas persoas desaparecidas”, afirmou a ONG, con sede en Londres, inda que cunha ampla rede de informantes no terreo.

“Segundo os sistemas de seguimento aeroespacial de Rusia, onte entre as 11:30 e as 12:30 [hora local], a aviación siria levou a cabo un bombardeo nos arredores de Jan Sheijun contra un almacén de munición dos terroristas”, dixo Konashenkov. “Estas instalacións contiñan fábricas para producir proxectís cargados con axentes tóxicos”, engadiu, segundo ten informado a axencia rusa de noticias Itar Tass. “Desde este grande arsenal entregábanse as armas químicas a milicianos en Iraq”, detallou o mesmo portavoz.

A declaración rusa prodúcese no medio da condena internacional practicamente unánime contra o bombardeo por parte de avións das forzas do Goberno de El Asad. Este mércores, mesmo está prevista unha reunión de urxencia do Consello de Seguridade da ONU, a petición de Francia e Reino Unido. Estados Unidos, Francia e Turquía condenaron o ataque, o máis mortífero relacionado con armas químicas desde a ofensiva en 2013 sobre Guta (preto de Damasco), no que morreron arredor de 1.400 persoas. O entón presidente de EEUU: Barack Obama, responsabilizou a El Asad do acontecido.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) explicou nun comunicado, que os síntomas que amosaban algúns feridos no suposto ataque químico son o resultado do efecto dun axente nervioso. “A probabilidade de exposición a un ataque químico vese amplificada pola aparente falta de feridas externas rexistradas nos casos que amosaron un rápido cadro de síntomas similares, incluídos problemas respiratorios agudos como causa principal de “morte”, di a nota, informa Efe.

Condena Internacional

O secretario xeral da OTAN, Jens Stoltenberg, e o presidente da Eurocámara, Antonio Tajani, condenaron o ataque. “É inaceptable e contradí valores que temos o deber de defender tanto dentro como fóra das nosas fronteiras”, declarou Tajani ao abrir o pleno en Estrasburgo (Francia).

O ministro de Exteriores británico, Boris Johnson, afirmou que todas as “probas” que consultou apuntan ao réxime alauí como autor do ataque. A Comisión de Investigación de Nacións Unidas sobre Siria comezou a investigar o asunto. Polo momento, o secretario xeral da ONU, Antonio Guterres, cualificou xa de “crime de guerra” o ataque a Jan Sheijun. Potencias como Reino Unido, EEUU e Francia solicitaron da Organización para a Prohibición das Armas Químicas (OPAQ) unha investigación en profundidade. O texto da solicitude enviouse ao 15 membros do Consello de Seguridade na víspera dunha xuntanza de emerxencia que terá lugar este mércores en Nova York, informa France Presse (Afp).

O Observatorio alertou que nas últimas horas producíronse bombardeos en Jan Sheiinjun (cuns 75.000 habitantes), levados a cabo por avións de guerra non identificados. Segundo a Defensa Civil Siria, que presta servizos de rescate en áreas fóra do control das forzas gubernamentais, o ataque expuxo a sustancias químicas a preto de 300 persoas.

Un suposto ataque químico causa unha matanza nunha zona rebelde siria

Masacre con armas químicas en Siria

Sobrevivir en Idlib, capital da Siria insurrecta

Ao día seguinte...

ESTADO ISLÁMICO

O ISIS asasina a coitelo a 33 persoas no leste de Siria

É a maior matanza rexistrada no 2017, segundo o Observatorio Sirio para os Dereitos Humanos

AXENCIAS

Madrid – 6 ABRIL 2017

O gupo yihadista Estado Islámico (ISIS) asasinou con armas brancas a 33 persoas en Deir Ezzor, no leste de Siria, segundo informou este mércores o Observatorio Sirio para os Dereitos Humanos (OSDH), con sede en Londres. O OSDH asegura nun comunicado que os seus activistas presenciaron a execución e viron os cadáveres. Segundo a organización, trátase da maior matanza masiva destas características levada a cabo no 2017. O ISIS controla parcialmente a provincia de Deir Ezzor, rica en hidrocarburos e fronteiriza con Iraq.

El grupo yihadista Estado Islámico (ISIS, por sus siglas en inglés) ha asesinado con armas blancas a 33 personas en Deir Ezzor, en el este de Siria, según ha informado este miércoles el Observatorio Sirio para los Derechos Humanos (OSDH), con sede en Londres. El OSDH asegura en un comunicado que sus activistas han presenciado la ejecución y han visto los cadáveres. Según la organización, se trata de la mayor matanza masiva de estas características llevada a cabo en 2017. El ISIS controla parcialmente la provincia de Deir Ezzor, rica en hidrocarburos y fronteriza con Irak.

Segundo un comunicado do observatorio, as vítimas tiñan entre 18-25 anos e foron asasinadas no deserto de Mayadin, situado ao leste da cidade de Deir Ezzor, capital da provincia homónima.

Isto dos medios é todo un teatro, unha película...pobre xente.

Son sirio, nacín no noroeste do país, no chamado berce do mundo, en Mesopotamia. Vivía nun pobo moi pequeno cunha lagoa natural ao lado, como un oasis dentro das montañas do deserto, nun entorno cheo de natureza, de sinceridade, de luces e sombras, de xente humilde e aire limpo.

Non quedou nada

Non quedaron nin casas, nin animais, nin plantas, queimárono todo

*Imaxínade cidades enteiras dun millón de habitantes borradas do mapa.
Imaxínade **os pobos máxicos dos contos...** borráronos do mapa. Non quedou nada*

Non quedou nada
